

Anteproxecto da

---

0

Lei de Accesibilidade

---

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

As persoas con discapacidade constitúen un sector da poboación heteroxéneo, pero todas teñen en común que, en maior ou menor medida, precisan de garantías suplementarias para vivir con plenitude de dereitos ou para participar en igualdade de condicións que o resto de cidadáns na vida económica, social e cultural.

As dúas razóns que xustifican a aprobación desta Lei son a persistencia na sociedade de desigualdades, pese ás inequívocas proclamacións constitucionais e ao meritorio esforzo feito a partires da Ley 8/1997, do 20 de agosto e o máis importante todavía, os cambios operados na maneira de entender o fenómeno da “discapacidade” e, consecuentemente, a aparición de novos enfoques e estratexias.

Hoxe é sabido que as desvantaxes que presenta unha persoa con discapacidade teñen a súa orixe nas súas dificultades persoais, pero tamén e sobre todo, nos obstáculos e condicións limitativas que na sociedade, concebida segundo o patrón da persoa media, dificultan a plena participación destes cidadáns.

Sendo esto así, é preciso deseñar e poñer en marcha estratexias de intervención que operen simultaneamente sobre as condicións persoais e ambientais.

Dende esta perspectiva móvense dúas estratexias de intervención relativamente novas que dende orixes distintos van converxendo progresivamente, como son a estratexia da loita contra a discriminación e a de accesibilidade universal.

A primeira inscríbese na longa marcha de algunhas minorías por lograr a igualdade de trato e polo dereito á igualdade de oportunidades.

A segunda é unha condición imprescindible para o exercicio dos dereitos, en igualdade de oportunidades, por todas as persoas que forman parte da sociedade para conseguir o logro da dignidade humana e o libre e completo desenvolvemento da súa personalidade.

Transcurriu máis dunha década dende a publicación da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da devantita lei, polo que se fai necesaria a aprobación doutra norma que a substitúa e que sirva para dar un renovado impulso ás políticas de normalización e integración social das persoas con discapacidade.

### II

A Constitución Española de 1978 recolle, ao longo do seu articulado, varios preceptos nos que se defenden e protexen os dereitos de todas as persoas, sexa cal sexa a súa condición física, psíquica ou social.

O artigo 9.2 obriga aos poderes públicos a promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, e a remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Por outra banda, o artigo 49 recolle que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararanos especialmente no desfrute dos dereitos que o Título I outorga a todos os cidadáns.

A mellora da calidade de vida de toda a poboación, e especialmente das persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación, convértese nun dos obxectivos fundamentais da actuación pública desenvolvida na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (LISMI), segundo a cal as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, aprobarán as normas urbanísticas e arquitectónicas básicas que conteñan as condicións ás que se deben axustar os proxectos, o catálogo de edificios no que serán aplicables e o procedemento de autorización, control e sanción, co fin de que resulten accesibles.

Finalmente, no artigo 10 establécese que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución reconece, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

Neste senso, cabe mencionar a Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, de 13 de decembro do 2006, que defende e garante os dereitos das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da vida, educación, saúde, traballo, cultura, ocio, participación social e económica, amosando a accesibilidade coma un elemento transversal de cada un dos ámbitos. Toma especial importancia este instrumento xurídico que reconece a relevancia da accesibilidade ao entorno físico, social, económico e cultural, á saúde, á educación, á información e á comunicación, para que as persoas con discapacidade poidan desfrutar plenamente de todos os dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

O artigo 2 desta norma internacional, define "*comunicación*" coma as linguaxes, a visualización de textos, o braille, a comunicación táctil, os macrotipos, os dispositivos multimedia de fácil acceso, así coma a linguaxe escrita, os sistemas auditivos, a linguaxe sinxela, os medios de voz dixitalizada e outros modos, medios e formatos aumentativos ou alternativos de comunicación, incluída a tecnoloxía da información e as comunicacións de fácil acceso. Por "*axustes razoables*" entenderase as modificacións e adaptacións necesarias e adecuadas que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiran nun caso particular, para garantir ás persoas con discapacidade o desfrute ou exercicio, en igualdade de condicións que os demais, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais. Por "*deseño universal*" o de produtos, entornos, programas, e servizos que poden utilizar todas as persoas, na maior medida posible, sen necesidade de adaptación nin deseño

especializado, como elementos fundamentais para conseguir a plena accesibilidade e, así, recoñecer como un dos principios xerais da Convención a accesibilidade universal.

O Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle aos poderes públicos de Galicia, no seu artigo 4.2, a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O, artigo 27 nos seus apartados 3, 7 e 8, atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materias de ordenación do territorio e do litoral, de urbanismo e vivenda e de obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado, así como de transportes non incorporados á rede estatal e con itinerarios que se desenvolvan íntegramente no territorio da Comunidade. No seu apartado 23 establécese a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Pola súa banda, o artigo 34.1 atribúelle, no marco das normas básicas do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de radiodifusión e televisión nos termos e casos establecidos pola lei que regula o estatuto xurídico da radio e televisión.

A Comunidade Autónoma, en virtude da competencia exclusiva que en materia de asistencia social lle atribúe o artigo 27.23, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que recolle a especial protección a este colectivo, incluíndo como principio inspirador do sistema de servizos sociais a prevención sobre as causas que orixinan a situación de marxinación.

### III

A presente Lei parte da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de Igualdade de Oportunidades, non Discriminación e Accesibilidade das Persoas con Discapacidade (LIONDAU), ditada ao abeiro da competencia exclusiva que se reserva ao Estado para garantir a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, conforme o artigo 149.1.1º da Constitución, amplía o ámbito de actuación ás telecomunicacións e á sociedade da información; espazos públicos urbanizados, infraestructuras e edificación; transportes; bens e servizos a disposición do público; e relación coas administracións públicas. Posteriormente desenvólvese a través de varios Reais Decretos, entre eles o Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.

Conforme a súa disposición derradeira undécima establécese que o Goberno, no prazo de dous anos dende a entrada en vigor da mesma, remitirá ás Cortes un proxecto de lei que estableza o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade. Ao abeiro da dita disposición dítase a Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e

accesibilidade universal das persoas con discapacidade, na que se lle recollen as infraccións tipificadas como básicas no capítulo II do Título I.

Mediante a nova Lei realízase unha profunda revisión de diversos conceptos. Inclúese en todo o articulado o concepto de persoa con discapacidade, que ven a substituír á terminoloxía anterior, aclarando que dita condición é consecuencia do entorno social ademais dos factores individuais, según o modelo de atención denominado “social”, que supón a asunción de certos factores intrínsecos aos dereitos humanos.

Accesibilidade universal, deseño para todos, inclusión social no ámbito da vida política, económica, cultural e social, igualdade de oportunidades, vida independente, diálogo civil, axustes razoables, normalización e transversalidade, son principios que aparecen con forza e cobran un significado máis acorde coas novas políticas sobre discapacidade a nivel internacional e acollen principios máis modernos unidos á nova visión das persoas con discapacidade.

Ademais, inclúense no obxecto da nova Lei ámbitos non recollidos pola ata agora vixente, sendo todos aqueles relacionados coa sociedade da información e o ámbito das telecomunicacións, así como o acceso aos bens e servizos das Administracións Públicas

A nova Lei pretende alcanzar novas cotas de benestar xeral, establecendo disposicións e normas destinadas a facilitar a accesibilidade universal e deseño para todos na utilización por todos os cidadáns dos distintos entornos, bens e servizos. Sitúase ante a creación dunha normativa de segunda xeración tras poñer os cimentos da igualdade coa regulación anterior sobre accesibilidade, na que se deixou constancia das necesidades específicas das persoas con discapacidade pero dirixíndose cara a unha mellora continua dos seus dereitos, ampliando os ámbitos e as relacións que poden levar a cabo. Faise necesario vincular os intereses dun grupo social que xa non está circunscrito a una discapacidade específica, senon a unha mellora da sociedade en xeral, cos intereses e obrigas que as Administracións Públicas deben esixirse como garantes do benestar dos seus cidadáns.

As iniciativas das Administracións Públicas de Galicia na eliminación das barreiras actualmente existentes serán a maior garantía do cumprimento da nova Lei, das normas que a desenvolvan e do firme propósito de acadar maiores niveis de integración e benestar para todos os cidadáns.

#### IV

A lei comprende un total de sesenta artigos, distribuídos en un título preliminar e catro títulos, once capítulos, dez disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha derogatoria e tres derradeiras.

O título preliminar establece o obxecto da lei, os seus principios e definicións. No capítulo I contéplase o obxecto da lei, os principios nos que se fundamentan as definicións de accesibilidade, barreiras, o concepto de persoa con discapacidade e persoa con mobilidade reducida, axuda técnica e medida de apoio; e a clasificación dos

niveis de accesibilidade, en adaptado, accesible e convertible. O capítulo II adícase ao ámbito da lei, establecéndose como novidade o ámbito da sociedade da información e das telecomunicacións e o acceso aos bens e servizos das Administracións Públicas Galegas.

O título I, consta de dous capítulos. No capítulo I regúlanse as barreiras arquitectónicas urbanísticas, pormenorizándose os distintos elementos que acompañan a urbanización e os espazos públicos, así coma o mobiliario urbano. No capítulo II contéñense as disposicións sobre barreiras na edificación, establecendo un réxime diferente cando se trate de edificios de uso público, edificios de titularidade privada residenciais ou non residenciais. Ademais regúlanse os requisitos de accesibilidade no caso de vivendas para persoas con discapacidade, que se fan extensivos a todas aquelas vivendas sometidas a algún réxime de axuda pública. O capítulo III adícase ás barreiras no transporte de uso público, establecendo dous tipos de tarxetas de accesibilidade: a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que se lles concederá ás persoas con mobilidade reducida, de cara a favorecer o uso e desfrute dos transportes privados, e a tarxeta de accesibilidade de usuarios, que se lles outorgará ás persoas con alguna limitación, de cara a favorecer o uso e desfrute dos transportes colectivos. O capítulo IV referido ás barreiras na comunicación, recolle a necesidade de facer accesibles os sistemas de comunicación e de sinalización a toda a poboación. O capítulo V regula o símbolo internacional de accesibilidade, co obxecto de identificar o acceso e posibilidade de uso de espazos, instalacións e servizos accesibles.

O título II contempla as distintas medidas de control que lles competen tanto á Administración autonómica como ás administracións locais e aos distintos colexios profesionais.

O título III, baixo a rúbrica réxime sancionador, establece o concepto de infracción, no que se introduce a definición de infracción continuada; a súa clasificación en moi graves, graves e leves e as figuras da reincidencia e reiteración. Introdúcese a posibilidade de aplicar circunstancias atenuantes; regula o tipo de sancións, entre as que se establecen as sancións accesorias, así como as multas coercitivas como medio de execución forzosa. Ademais regúlase a actualización da contía das sancións, a gradación das mesmas e os suxeitos responsables. Regúlase a Comisión Técnica de Accesibilidade, como órgano sancionador e intérprete do contido das normas autonómicas en materia de accesibilidade, adscrito á Consellería competente en materia de servizos sociais e determínase a súa composición. No referente ao procedemento sancionador, faise unha remisión ás normas contidas nos artigos 134 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ás súas normas de desenvolvemento. Cabe destacar a consideración de interesados de asociacións, federacións e fundacións relacionadas co ámbito da discapacidade. Regúlase de maneira concreta o inicio, as actuacións previas, o arquivo de actuacións, a colaboración entre administracións públicas no procedemento e a posibilidade de adopción de medidas provisionais. Por

último establécense os prazos de prescrición das infraccións e sancións e o cómputo dos mesmos.

O título IV adícase ao Consello Galego de Benestar Social, que creado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servicios Sociais de Galicia que exercerá as funcións consultivas e de informe en materia de accesibilidade, antes exercidas polo Consello Galego para a promoción da accesibilidade e a supresión de barreiras, o cal queda suprimido na disposición adicional décima desta lei.

O anteproxecto desta lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia, e do Consello Galego de Benestar Social.

## **TÍTULO PRELIMINAR**

### **DISPOSICIÓN XERAIS**

#### CAPÍTULO I

#### OBXECTO, PRINCIPIOS, DEFINICIÓNS E NIVEIS DE ACCESIBILIDADE

6

Artigo 1. Obxecto.

Esta Lei ten por obxecto garantir as persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e deseño para todos respecto dos entornos, os procesos, bens, produtos e servizos, así coma en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de xeito que os mesmos se fagan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade, comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible.

Artigo 2. Principios.

A presente Lei fundaméntase nos seguintes principios:

1º *Accesibilidade universal.* É a condición que deben cumprir os entornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible. Este principio supón a estratexia de deseño para todos e enténdese sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse.

2º *Deseño para todos.* A actividade pola que se concibe ou proxecta, dende a orixe, e sempre que sexa posible, entornos, procesos, bens, produtos, servizos, obxectos,

instrumentos, dispositivos ou ferramentas, de tal xeito que poidan ser utilizados por todas as persoas, na maior extensión posible.

3º *Inclusión social*. É o proceso a través do cal os individuos participan plenamente da sociedade na que viven e na vida económica, política e cultural. O concepto de participación enténdese como un proceso a través do cal se ten control sobre as iniciativas, decisións e recursos que afectan á vida social, política e económica. A inclusión social da lugar ás seguintes actuacións:

1º Cambios no marco legislativo.

2º Participación das propias persoas con discapacidade ou das súas organizacións.

3º Promoción de habilidades e capacidades do colectivo de persoas con discapacidade.

4º Creación e fortalecemento de vínculos comunitarios.

5º Redución dos factores de vulnerabilidade derivados da situación de discapacidade.

6º Estimulación da innovación e optimización no aproveitamento dos recursos.

7º Prioridade nos obxectivos cualitativos sobre os cuantitativos.

8º Formulación dun enfoque multidimensional e interdisciplinar.

9º Deseño de respostas específicas para as necesidades particulares.

10º Promoción da implicación ao máximo de axentes: departamentos, áreas, entidades e institucións.

4º *Igualdade de oportunidades*. É a ausencia de discriminación, directa ou indirecta, que teña a súa causa nunha discapacidade, así como a adopción de medidas de acción positiva orientadas a evitar ou compensar as desvantaxes dunha persoa con discapacidade para participar plenamente na vida política, económica, cultural e social.

5º *Vida independente*. É a situación na que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.

6º *Diálogo civil*. É o principio en virtude do cal as organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias participan, nos termos que establezan as leis e demais disposicións normativas, na elaboración, execución, seguimento e avaliación das políticas oficiais que afectan ás persoas con discapacidade.

7º *Axustes razoables*. Son as medidas de adecuación do entorno físico e social, e das actitudes xerais ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que, de xeito



eficaz e práctico e sen que supoñan unha carga desproporcionada, faciliten a accesibilidade ou participación dunha persoa con discapacidade en igualdade de condicións co resto dos cidadáns. Para determinar se unha carga é ou non desproporcionada teranse en conta os custos da medida, os efectos discriminatorios que supoña a súa non adopción para as persoas con discapacidade, a estrutura e características da persoa, entidade ou organización que ha de poñela en práctica e a posibilidade que teña de obter financiamento oficial ou calquera outra axuda.

8º *Normalización*. É o principio en virtude do cal as persoas con discapacidade deben poder levar unha vida normal, accedendo aos mesmos lugares, ámbitos, bens e servizos que estean a disposición de calquera outra persoa.

9º *Transversalidade*. É o principio en virtude do cal as actuacións que desenvolven as Administracións Públicas non se limitan únicamente a plans, programas e accións específicos pensados exclusivamente para estas persoas, senón que comprenden as políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, onde se terán en conta as necesidades e demandas das persoas con discapacidade.

### Artigo 3. Definicións.

Para os efectos da aplicación desta lei establécense as seguintes definicións:

- a) Enténdese por *accesibilidade* aquelas características do urbanismo, da edificación, do transporte ou dos medios e sistemas de comunicación que lle permiten a calquera persoa a súa utilización e desfrute de maneira autónoma, con independencia da súa condición física, psíquica ou sensorial.
- b) Enténdese por *barreiras* calquera impedimento, atranco ou obstáculo que limite ou impida o acceso, a liberdade de movemento, a estancia, a circulación e a comunicación sensorial das persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación. As barreiras clasifícanse en:
  - Barreiras arquitectónicas (BAUR): son aquelas barreiras existentes nas vías e nos espazos libres de uso público.
  - Barreiras arquitectónicas (BAED): son aquelas barreiras existentes nos accesos e/ou no interior dos edificios, tanto de titularidade pública coma privada.
  - Barreiras no transporte (BT): son aquelas barreiras que existen nos medios de transporte e nas súas infraestructuras.
  - Barreiras na comunicación (BC): é todo aquel impedimento para expresión e recepción de mensaxes a través dos medios ou sistemas de comunicación.
- c) Enténdese por *persoas con discapacidade* aquelas que presenten deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais.
- d) Enténdese por *persoas con mobilidade reducida* aquelas que teñen temporal ou permanentemente limitada a posibilidade de desprazarse.

- e) Enténdese por *axuda técnica* calquera medio que, actuando como intermediario entre as persoas con mobilidade reducida ou que posúen calquera outra limitación e o contorno, facilita a súa autonomía persoal e minora os efectos da súa discapacidade ou limitación, mellorando a súa calidade de vida.
- f) *Medidas de apoio*. Poderán consistir en axudas económicas, tecnolóxicas de apoio, servizos ou tratamentos especializados, outros servizos persoais, así coma outras formas de asistencia humana ou animal. En particular, axudas e servizos auxiliares para a comunicación, como sistemas aumentativos e alternativos, sistemas de apoios á comunicación oral e linguaxe de signos, sistemas de comunicación táctil e outros dispositivos que permitan a comunicación.

#### Artigo 4. Niveis de accesibilidade.

1. Para os efectos da aplicación desta lei, os espazos, as instalacións e os servizos clasifícanse en función do seu grao de accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida ou calquera outro tipo de limitación:
  - a) Enténdese por espazo, instalación ou servizo *adaptado* aquel que se axusta ás esixencias funcionais e de dimensións que garantan a súa utilización autónoma e cómoda por persoas con mobilidade reducida ou posuidoras de calquera tipo de limitación.
  - b) Enténdese por espazo, instalación ou servizo *practicable* aquel do que, sen axustarse estritamente a todos os requirimentos antes sinalados, é posible a súa utilización de forma autónoma por persoas con mobilidade reducida ou posuidoras de calquera tipo de limitación.
  - c) Enténdese por espazo, instalación ou servizo *convertible* aquel do que é posible a súa transformación como mínimo en practicable mediante a realización de modificacións de escasa entidade e custo razoable que non afecten a súa configuración esencial.
2. Nesta lei e nas normas que a desenvolven estableceranse os parámetros e demais requisitos esixibles para que un espazo, instalación ou servizo posúa a condición de *adaptado, practicable* ou *convertible*.

## CAPÍTULO II

### ÁMBITO DE ACTUACIÓN

#### Artigo 5. Ámbito.

Están sometidas ás previsións desta lei todas as actuacións levadas a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais en materia de:

- Planeamento, xestión ou execución urbanística.
- Nova construción, rehabilitación ou reforma de edificacións.
- Transporte.

- Telecomunicacións e a sociedade da información.
- Bens e servizos a disposición do público.
- Bens, medios e servizos das Administracións Públicas.
- Relacións coas Administracións Públicas.
- As Universidades e o sistema educativo.
- Administración de xustiza.

Artigo 6. Sociedade da información e telecomunicacións.

No ámbito da Sociedade da información e das telecomunicacións, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia velará pola accesibilidade universal e deseño para todos, en elementos como a sinatura electrónica e o acceso a páxinas web públicas, así coma o acceso electrónico aos servizos públicos. Do mesmo xeito, no ámbito das súas competencias, poderá desenvolver convenios cos operadores de telecomunicacións para garantir o acceso universal aos servizos de atención ao cliente aos cidadáns da Comunidade Autónoma con discapacidade física ou sensorial. Tamén, e co o mesmo obxectivo, poderanse desenvolver convenios cos operadores de televisión dixital e radio que desenvolvan a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma.

Artigo 7. Acceso aos bens e servizos das Administracións Públicas de Galicia.

Forman parte do obxecto desta lei a *accesibilidade universal* e o *deseño para todos* no ámbito do acceso aos bens e servizos das Administracións Públicas, especialmente no referido aos recursos humanos e materiais, ás oficinas de atención ao público, así como ao relacionado cos impresos e modelos concernentes á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

10

## TÍTULO I

### **BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS, NA COMUNICACIÓN E NO TRANSPORTE. SÍMBOLO INTERNACIONAL DE ACCESIBILIDADE.**

#### CAPÍTULO I

#### DISPOSICIÓN SOBRE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS URBANÍSTICAS

Sección 1ª Características das urbanizacións.

Artigo 8. Accesibilidade en espazos públicos.

1. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público deberán ser planificados e urbanizados de forma que resulten accesibles para todas as persoas, e en especial para aquelas con mobilidade reducida ou afectadas por calquera das limitacións sinaladas anteriormente. Para iso, os criterios básicos que se establecen nesta lei deberán ser recollidos nos plans xerais de ordenación urbana, nas normas complementarias e subsidiarias e naqueloutros instrumentos de planeamento que poidan ser creados pola lexislación urbanística, así como

nos demais instrumentos de planeamento e execución que os desenvolvan, e nos proxectos de urbanización, de dotación de servizos, de obras e de instalacións.

2. En zonas urbanas consolidadas e nos contornos naturais, cando non sexa posible o cumprimento dalguna de ditas condicións, plantearanse as solucións alternativas que garantan a máxima accesibilidade posible. Requirirán autorización previa da Comisión Técnica de Accesibilidade.
3. Nos informes técnicos que se emitan con carácter previo á aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento, deberá facerse constancia expresa, con mención desta lei, do cumprimento dos criterios esixidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público existentes, así como as respectivas instalacións de servizos e mobiliarios urbanos, deberán ser adaptados gradualmente, de acordo cunha orde de prioridades que terá en conta a maior eficacia e a concorrencia ou o tránsito de persoas e as regras e condicións, previstas regulamentariamente.

Para tal efecto, os entes locais terán que elaborar plans especiais de actuación para adaptar as vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade. Con esta finalidade, os proxectos de orzamentos dos entes públicos deberán conter, en cada exercicio orzamentario, as consignacións necesarias para o financiamento das ditas adaptacións, dentro das disponibilidades orzamentarias.

4. Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas dos contratos administrativos de obras conterán, con referencia a esta lei, cláusulas de adecuación ao que nela se dispón, conforme ao disposto no artigo 117.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

11

#### Artigo 9. Itinerarios.

Os itinerarios peonís, así como os mixtos, destinados ao tráfico de peóns e vehículos, deseñaranse e realizaranse de forma que resulten accesibles a calquera persoa.

Para estes efectos, regulamentariamente estableceranse os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados adaptados ou practicables, segundo os casos, que deberán prever, como mínimo os seguintes aspectos:

- Largura mínima libre de obstáculos
- Pendente máxima lonxitudinal
- Pendente máxima transversal
- Dimensión de vaos e illotes
- Dimensións de pasos de peóns
- Dimensións e características de escaleiras e ramplas destinadas a salvar desniveis

#### Artigo 10. Parques, xardíns e espazos libres públicos.

1. Os parques, xardíns e demais espazos libres de uso público deseñaranse e realizaranse de forma que resulten accesibles a calquera persoa. Para tal efecto, os itinerarios peonís axustaranse aos criterios sinalados no artigo anterior.
2. Os espazos urbanizados que dispoñan de aseo público disporán por cada dez unidades ou fracción de inodoros instalados dun aseo accesible, podendo ser compartido por ambos os dous sexos.

#### Artigo 11. Aparcamentos.

1. Nas zonas destinadas ao estacionamento de vehículos lixeiros, sexan de superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público reservaranse, con carácter permanente e tan próximo como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos que transporten persoas en situación de mobilidade reducida.
2. Os accesos peonís ás ditas prazas cumprirán as condicións esixidas para ser adaptados. Cando sexa preciso salvar desniveis para acceder ás ditas prazas, estes salvaranse mediante ramplas, ascensores adaptados ou practicables segundo os casos ou por outros medios.  
As prazas reservadas para o uso de persoas con mobilidade reducida deberán cumprir as especificacións e posuír as dimensións que regulamentariamente se establezan para as prazas adaptadas.

#### Sección 2ª Características dos elementos de urbanización.

12

#### Artigo 12. Elementos de urbanización.

Os elementos de urbanización, tales como pavimentos, saneamento, redes de sumidoiro, iluminación, redes de telecomunicación e redes de subministración de auga, electricidade, gases e aqueloutras que materialicen as indicacións do planeamento urbanístico, posuirán unhas características de deseño e execución tales que non constitúan obstáculo para a liberdade de movementos de calquera persoa.

#### Sección 3ª Características do mobiliario urbano.

#### Artigo 13. Sinais e elementos verticais.

Os sinais de tránsito, semáforos, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización que se sitúe nun itinerario ou espazo de acceso peonil deseñaranse e colocaranse de maneira que non obstaculicen a circulación de calquera persoa e permitan ser usados, se é o caso, coa máxima comodidade.

Para estes efectos, regulamentariamente estableceranse os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados adaptados, que en todo caso deberán prever, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Altura libre mínima baixo os sinais
- Colocación nas beirarrúas

- Situación de pulsadores e mecanismos manuais

Artigo 14. Outros elementos de mobiliario urbano.

Os elementos de mobiliario urbano, tales como cabinas ou fornelas telefónicas, fontes, papeleiras, bancos, e outros análogos, deseñaranse e colocaránse de maneira que non obstaculicen a circulación das persoas e permitan ser usados coa máxima comodidade.

Iguais condicións deberán posuír os elementos saíntes que se sitúen nun espacio peonil, tales como marquesiñas, toldos e outros análogos, que deberán evitar, en todo caso, ser un obstáculo para a libre circulación das persoas.

Para estes efectos, regulamentariamente estableceranse os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados adaptados, que en todo caso deberán prever, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Altura de mecanismos e zonas de uso
- Colocación nas beirarrúas
- Situación de pulsadores e mecanismos manuais
- Sinalización
- Altura libre mínima baixo saíntes

Artigo 15. Protección e sinalización de obras na vía pública.

1. Todo tipo de obra ou elemento provisional, tales como gabias, andamios ou análogos, que implique perigo, obstáculo ou limitación de percorrido, acceso ou estancia peonil, deberá sinalizarse e protexerse de maneira que garanta a seguridade física de todos os viandantes.
2. As especificacións técnicas de sinalización serán:
  - a) A protección realizarase mediante valados estables e continuos, dotados de sinalización luminosa de cor vermella e de sinais acústicos intermitentes, con límites que non perturben ao resto da comunidade, de maneira que poidan ser advertidos con antelación por persoas con calquera tipo de limitación.
  - b) Os itinerarios peonís cortados por obras substituiranse por outros que lles permitan o paso ás persoas con mobilidade reducida.

## CAPÍTULO II

### DISPOSICIÓN SOBRE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA EDIFICACIÓN

Sección 1ª Edificios de uso público.

Artigo 16. Accesibilidade en edificios de uso público.

1. Consideraranse, para os efectos desta lei, edificios de uso público aqueles destinados a un uso que implique a concorrencia de público.

2. A construción, a ampliación ou a reforma dos edificios de titularidade pública ou privada destinados a uso público efectuaranse de forma que garantan que estes resulten accesibles, nas condicións que se determinen regulamentariamente.
3. Nas ampliacións ou reformas dos referidos edificios que requiran para a súa adaptación medios técnicos ou económicos desproporcionados realizaranse as modificacións precisas para garantir a condición como mínimo de practicables. Excepcionalmente, cando non sexa posible poderán utilizarse axudas técnicas, que requirirán a autorización da Comisión técnica de accesibilidade.

Enténdese por *obra de nova construción*, todas aquelas obras de edificación excepto aquelas construcións de escasa entidade constructiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha sóa planta.

Enténdese por *obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación*, aquelas que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

4. Considéranse incluídos dentro deste apartado de edificios de uso público, xunto a outros de análoga natureza, os seguintes:
  - \* Edificios públicos e de servizo das administracións públicas.
  - \* Centros sanitarios e asistenciais ou calquera outro centro social.
  - \* Estacións ferroviarias, de metro e de autobuses.
  - \* Portos, aeroportos e heliportos.
  - \* Centros de ensino.
  - \* Garaxes e aparcamentos colectivos.
  - \* Centros de traballo a partir do número de traballadores que regulamentariamente se estableza.
  - \* Embarcacións marítimas e fluviais.
  - \* Centros sindicais.
  - \* Museos, arquivos, bibliotecas e salas de exposicións.
  - \* Teatros, salas de cine e espectáculos.
  - \* Casas de cultura.
  - \* Instalacións deportivas.
  - \* Lonxas, mercados, prazas de abastos e establecementos comerciais e bancarios.
  - \* Centros relixiosos.
  - \* Instalacións hoteleiras e hosteleiras.

Reglamentariamente determinarásese o número de prazas a partires das que os establecementos anteriores terán a consideración de uso público.

#### Artigo 17. Reserva de prazas de aparcamento.

Nos aparcamentos que dan servizo aos edificios de uso público establecerase regulamentariamente o mínimo de prazas que deberán ser reservadas, debidamente sinalizadas, para o seu uso por persoas con mobilidade reducida, así como a súa localización e os seus accesos.

#### Artigo 18. Accesos ao interior dos edificios.

Polo menos un dos accesos peonís ao interior dos edificios de uso público deberá estar deseñado e executado de forma que cumpra as condicións establecidas para itinerarios adaptados ou practicables segundo o caso.

Cando se trate dun conxunto de edificios e instalacións, polo menos un dos itinerarios peonís que os unan entre si e coa vía pública deberán cumprir as condicións establecidas para itinerarios adaptados ou practicables, segundo o caso.

#### Artigo 19. Comunicación horizontal.

A mobilidade horizontal entre espazos, instalacións e servizos comunitarios situados en edificios de uso público realizaranse mediante itinerarios e ramplas que deberán cumprir as condicións establecidas nesta lei e nas normas que a desenvolvan.

#### Artigo 20. Mobilidade vertical.

Para facilitar a mobilidade vertical entre espazos, instalacións e servizos comunitarios situados en edificios de uso público, os desprazamentos entre diferentes niveis realizaranse mediante un elemento ascensor, escaleiras, ramplas e tapices rodantes, que deberán cumprir as condicións establecidas para ser considerado adaptado ou practicable, en cada caso.

#### Artigo 21. Aseos.

Os edificios de uso público disporán dun aseo accesible por cada 10 unidades ou fracción de inodoros instalados, podendo ser de uso compartido por ambos os dous sexos.

#### Artigo 22. Reserva de espazos.

1. Os locais de espectáculos, aulas e outros análogos disporán de espazos reservados para persoas con mobilidade reducida de xeito que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación.

2. Os espazos reservados estarán debidamente sinalizados.



## Artigo 23. Servizos e instalacións.

1. Todos aqueles elementos dos servizos e das instalacións de xeral utilización deberán estar deseñados de forma que poidan garantir o seu acceso e uso a todas as persoas.

2. Para estes efectos, regulamentariamente estableceranse os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados adaptados, que deberán prever, como mínimo, os seguintes aspectos:

- altura de mecanismo e zonas de uso
- altura de zonas de atención ao público
- situación de pulsadores manuais
- sinalización
- características de vestiarios e duchas

## Artigo 24. Controis de execución.

Nos edificios de uso público de nova creación ou sometidos a obras de reforma, a administración competente na concesión da autorización administrativa garantirá que a execución se axusta ao proxecto aprobado de acordo coa lexislación urbanística aplicable, e, no suposto de incumprimento, deberá esixir a reposición á situación aprobada aplicándoselle as sancións previstas nesta lei.

## Sección 2ª Outros edificios de titularidade privada.

### Artigo 25. Accesibilidade en edificios de titularidade privada, uso residencial e vivenda.

1. Accesibilidade no exterior do edificio: A parcela disporá canto menos dun itinerario accesible [practicable] que comunique unha entrada principal ó edificio, e en conxunto de vivendas unifamiliares, unha entradas á zona privativa de cada vivenda, coa vía pública y coas zonas comúns exteriores, tales como aparcamentos exteriores propios do edificio, xardíns, piscinas, zonas deportivas, etc.
2. Accesibilidade entre plantas do edificio: Os edificios nos que se teña que salvar máis dunha planta dende algunha entrada principal accesible ó edificio ata algunha vivenda ou zona comunitaria, ou con mais de 12 vivendas en planta sen entradas principal accesible ó edificio, disporán de ascensor accesible [practicable] ou rampla accesible [practicable] que comunique as plantas coa entrada accesible ó edificio. No resto dos casos, o proxecto deberá prever, canto menos dimensional e estruturalmente, a instalación dun ascensor accesible [practicable] que comunique ditas plantas. As plantas con vivendas accesibles disporán de ascensor accesible ou rampla accesible que as comunique coas plantas de entrada accesible ó edificio e coas que teñan elementos asociados a ditas vivendas, tales como trasteiros ou praza de aparcamento da vivenda accesible e espazos de uso comunitario.
3. Accesibilidade nas plantas do edificio: Os edificios disporán dun itinerario accesible [practicable] que comunique o acceso accesible [practicable] a toda planta [entrada principal accesible ó edificio, ascensor accesible, rampla

accesible] coas vivendas, coas zonas de uso comunitario e cos elementos asociados a vivendas accesibles tales como trasteiros, prazas de aparcamento accesibles, etc situados na mesma planta.

4. Os proxectos de reforma, rehabilitación ou restauración de edificios, servizos ou instalacións de uso privado residencial deberán cumprir os requisitos esixidos aos de nova construción, agás que a adaptación supoña alteración e/ou variación do número de vivendas ou da superficie delas respecto do custo total da obra; neste caso realizarase unha proposta alternativa que requirirá, previamente á concesión da licenza, o informe favorable do Consello Galego de Benestar Social. No que respecta ás obras de adaptación que leven a cabo os propietarios ou usuarios de vivendas, haberá que aterse ao disposto na Lei 15/1995, do 30 de maio, sobre límites do dominio sobre inmobles para eliminarlles barreiras arquitectónicas ás persoas con discapacidade ou maiores de 70 anos, modificada pola Lei 51/2003 (LIONDAU) e pola Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

### Sección 3ª Reserva de vivendas para persoas con discapacidade.

#### Artigo 26. Reserva de vivendas adaptadas.

1. Como mínimo un 4% das vivendas totais previstas nos programas anuais de promoción pública deberán reservarse para persoas con mobilidade reducida, na forma que regulamentariamente se estableza.
2. Nas promocións privadas de vivendas de protección oficial os promotores deberán reservar a proporción mínima que se estableza regulamentariamente e en todo caso respectando o mínimo indicado no apartado anterior.
3. Estas vivendas reservadas para persoas con limitacións deberán estar adaptadas ou posuír as dimensións necesarias para poder ser adaptadas para persoas con mobilidade reducida, de acordo co establecido no artigo 28 desta norma.
4. Nos edificios nos que, en cumprimento do anteriormente establecido, se proxecten vivendas adaptadas, deberá reservarse igual número de prazas de aparcamento adaptadas, vinculadas a elas e debendo establecerse un itinerario adaptado que comunique os garaxes coas vivendas.

#### Artigo 27. Garantías para a realización de obras de adaptación.

1. Os promotores privados de vivendas de protección oficial ou sometidas a calquera outro réxime de axuda pública poderán substituír as adaptacións interiores de vivendas reservadas para persoas con mobilidade reducida, ao solicitarse a cualificación provisional, polo depósito dun aval suficiente dunha entidade financeira legalmente recoñecida que garanta a realización das obras necesarias para as adaptacións correspondentes, segundo o tipo de limitación que posúa o futuro usuario, nos termos e nas condicións que se establezan regulamentariamente.

2. Estas vivendas seranlles adxudicadas prioritariamente a persoas en situación de mobilidade reducida e, no suposto de que resultasen vacantes, a entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica propia e sen finalidade de lucro no prazo que prevé a lexislación vixente, para dedicalas a minirresidencias, pisos compartidos ou calquera tipo de vivenda destinada a persoas con mobilidade reducida.
3. No suposto de que resultasen vacantes, o promotor, logo da xustificación de falta de demanda ante o organismo competente e obtida a correspondente acreditación, poderá ofertar as vivendas libremente, recuperando o aval se fose o caso.

Regulamentariamente establecerase o procedemento perante o órgano responsable de emitir a dita acreditación.

### CAPÍTULO III

#### DISPOSICIÓN SOBRE BARREIRAS NO TRANSPORTE

Sección 1ª Accesibilidade nos transportes de uso público.

Artigo 28. Accesibilidade nos transportes públicos.

1. Todos os transportes públicos de viaxeiros deberán observar o disposto nesta lei. Deberán ademais axustarse progresivamente ás medidas que se diten e a aquelas outras que resulten consecuencia do avance tecnolóxico e das que estea debidamente acreditada a súa eficacia.
2. As administracións públicas competentes en materia de transporte público realizarán e manterán debidamente actualizado un plan de supresión de barreiras e de utilización e adaptación progresiva dos transportes públicos colectivos, así como dos edificios, dos servizos, das instalacións e do mobiliario vinculadas a eles.
3. As normas de desenvolvemento que regulen a construción ou reforma das infraestruturas do transporte e a adaptación do material móbil deberán garantir, polo menos, as seguintes medidas de accesibilidade:

a) Estacións de transporte

As estacións de transporte público deberán axustarse ao disposto nesta lei en todas aquelas cuestións referidas á construción, itinerarios, servizos e mobiliario que sexan comúns aos edificios de uso público, debendo prever adaptacións específicas no non sinalado con anterioridade, tales como sinalización, megafonía, sistemas de información e plataformas de embarque, entre outros.

b) Material móbil

O material móbil de transporte público de viaxeiros que sexa competencia das administracións públicas galegas, con adquisición formalizada a partir da entrada en vigor desta lei, deberá ser accesible de conformidade coas prescricións que se establezan regulamentariamente.

4. En todo caso observarase:

Nos vehículos de transporte público colectivo, tanto urbanos como interurbanos, deberán reservárelles ás persoas con mobilidade reducida polo menos tres asentos por coche, próximos ás portas de entrada e debidamente sinalizados. Disporase xunto a eles dun timbre de aviso de parada en lugar accesible así como do espazo físico necesario para a colocación de cantos utensilios ou axudas técnicas veñan provistas as persoas afectadas.

O piso de todos os vehículos de transporte será antiesvarante.

Nos autobuses urbanos e interurbanos de servizo público, as persoas con mobilidade reducida poderán apearse pola porta de entrada para evitar o seu desprazamento ao longo do vehículo.

As portas de vehículos de transporte público contarán con dispositivos que as abran automaticamente cando ao pecharse aprisionen calquera obxecto.

5. Nas poboacións nas que regulamentariamente se determine, os concellos reservarán polo menos unha licenza para un vehículo especial ou taxi acondicionado que poida ser utilizado polas persoas con mobilidade reducida nos seus desprazamentos. Ademais, regulamentariamente sinalaranse as esixencias mínimas que se establezan nesta materia para atender a poboación rural, en función da dispersión dos núcleos de poboación, establecendo as dotacións mínimas por comarcas, municipios e parroquias en función da poboación e extensión.

19

## Sección 2ª Tarxetas de accesibilidade.

### Artigo 29. Tarxetas de accesibilidade.

1. Establécese na Comunidade Autónoma de Galicia dous tipos de tarxetas de accesibilidade.
2. A tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que se lles concederá ás persoas con mobilidade reducida, con carácter persoal e intransferible, acreditativa da súa situación, de cara a favorecer o uso e desfrute dos transportes privados e para que o seu titular poida desfrutar das facilidades de estacionamento relacionadas con ela.

Os concellos terán que aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, e que con respecto das persoas titulares destas tarxetas serán, como mínimo, as seguintes:

- a) Reservas con carácter permanente de prazas de aparcamento dedidamente sinalizadas para vehículos que transporten persoas en situación de mobilidade reducida. Situaranse próximas aos accesos peonís dentro das zonas destinadas a aparcamento de vehículos lixeiros, ben sexan exteriores, interiores ou subterráneos
  - b) Ampliación do límite de tempo cando este estivese establecido, para aparcamento de vehículos de persoas con mobilidade reducida
  - c) Reserva de aparcamento para titulares de tarxetas, nos lugares onde se estime necesario
  - d) Autorización para que os vehículos ocupados polas ditas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil
3. A tarxeta de accesibilidade de usuarios, que se lles concederá ás persoas con algunha limitación, con carácter persoal e intransferible e con validez en todo o ámbito da Comunidade Autónoma, acreditativa da súa situación de discapacidade, de cara a favorecer o uso e desfrute dos transportes públicos.

Os concellos terán que aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade de persoas con limitacións, e que con respecto das persoas titulares de tarxetas serán, como mínimo, as seguintes:

- a) Reserva de prazas nos transportes colectivos
  - b) Condicións para a bonificación nas tarifas para as persoas que dispoñan da tarxeta
4. No caso de comprobarse o uso indebido das tarxetas de maneira reiterada, estas serán retiradas polo concello correspondente.

Artigo 30. Expedición das tarxetas de accesibilidade.

As tarxetas de accesibilidade terán validez en todo o ámbito da Comunidade Autónoma e correspóndelle ao concello no que resida o solicitante a súa expedición logo da acreditación da súa condición de persoa con discapacidade. En todo caso, no que respecta ás tarxetas de estacionamento, estas deberán axustarse á estrutura e ás características recollidas na normativa que desenvolva a presente lei.

## CAPÍTULO IV

### DISPOSICIÓN SOBRE BARREIRAS NA COMUNICACIÓN

Artigo 31. Accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización.

1. As administracións públicas galegas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento de mecanismos e de alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación.
2. As administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos, facilitándolle así a comunicación directa á persoa con discapacidade auditiva ou xordo-cega, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

Os medios de comunicación audiovisuais dependentes das administracións públicas galegas realizarán e manterán, debidamente actualizado, un plan de medidas técnicas que permita gradualmente, mediante o uso da lingua de signos ou de subtítulos, garantirlle o dereito á información ás persoas con limitacións auditivas.

## CAPÍTULO V

### SÍMBOLO INTERNACIONAL DE ACCESIBILIDADE

Artigo 32. Símbolo internacional de accesibilidade.

Co obxecto de identificar o acceso e as posibilidades de uso de espazos, instalacións e servizos accesibles, deberase sinalar permanentemente co Símbolo Internacional de Accesibilidade homologado o seguinte:

- a) Os itinerarios peonís accesibles dentro das áreas de estancia, cando existan itinerarios alternativos non accesibles
- b) As prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida e os itinerarios peonís accesibles de acceso a elas, incluíndo as reservadas en instalacións de uso público.
- c) As cabinas de aseo público accesibles
- d) As paradas do transporte público accesible, incluídas as de taxi nas que exista un servizo permanente de vehículo adaptado

21

## **TÍTULO II**

### **MEDIDAS DE CONTROL**

Artigo 33. Licenzas e autorizacións.

1. Correspóndelles aos concellos e á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias, esixir e verificar o cumprimento do disposto nesta lei nas aprobacións de instrumentos urbanísticos e no outorgamento de licenzas, autorizacións e cualificacións de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública.
2. Para estes efectos, os distintos instrumentos urbanísticos, así como os proxectos de edificación ou construción, deberán facer constar expresamente na súa memoria o cumprimento desta lei.
3. Os pregos de cláusulas adeministrativas e de prescricións técnicas dos contratos administrativos conterán cláusulas de actuacións adaptadas ao disposto nesta lei, segundo a disposición adicional 18ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Artigo 34. Visado de proxectos técnicos.

Os colexios profesionais que teñan atribuída competencia no visado dos proxectos técnicos necesarios para a obtención de licenzas, denegaranlle os visados aos proxectos que conteñan alguna infracción das normas contidas na lei, nas disposicións que a desenvolvan e nas demais normativas aplicables en materia de accesibilidade e supresión de barreiras.

Artigo 35. Barreiras no transporte e na comunicación.

As Administracións Públicas de Galicia con competencia para regular e harmonizar a concesión, uso e utilización dos medios de transporte, os servizos da sociedade da información e as telecomunicacións a que se refire esta lei, observarán nas súas disposicións e farán cumprir nos expedientes que a tal efecto se tramiten, as determinacións da presente lei e as que regulamentariamente se establezan.

### **TÍTULO III**

#### **RÉXIME SANCIONADOR**

##### CAPÍTULO I

##### DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 36. Competencias sancionadoras.

Correspóndelle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a potestade para sancionar as condutas tipificadas como infraccións en materia de accesibilidade, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra índole nas que se poida incurrir.

Artigo 37. Administración competente.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia sancionará as infraccións en materia de accesibilidade cometidas no seu territorio.

Artigo 38 Actuacións ou omisións infractoras.

1. Cada feito infractor, xa sexa unha actuación ou unha omisión, será sancionado independentemente aplicando a sanción correspondente, agás no suposto de que un feito constituía dúas ou máis infraccións ou cando unha sexa o medio necesario para cometer outra, caso no que se aplicará a sanción prevista para a infracción máis grave na súa metade superior.
2. Considérase que un feito infractor é independente doutro cando a comisión dun poida realizarse sen a realización doutro e viceversa. Neste suposto imponse tantas sancións coma feitos realizados.

##### CAPÍTULO II

##### INFRACCIÓNS E SANCIÓN

### Artigo 39. Clasificación das infraccións.

1. As accións e omisións que contraveñan as normas de accesibilidade e supresión de barreiras constitúen unha infracción e serán sancionadas de conformidade co establecido nesta lei.
2. Serán sancionada como infracción continuada a realización dunha pluralidade de accións e omisións que infrinxan o mesmo ou semellantes preceptos administrativos, en execución dun plan preconcebido ou aproveitando idéntica ocasión.
3. As infraccións clasifícanse en *leves*, *graves* e *moi graves*.

### Artigo 40. Infraccións leves.

Considéranse infraccións *leves* as seguintes:

- a) As dispostas no artigo 3.2 da Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade
- b) O incumprimento das condicións de accesibilidade e supresión de barreiras que non impidan a utilización do espazo, o equipamento, a vivenda, o medio de transporte ou o medio de comunicación por persoas con limitacións

### Artigo 41. Infraccións graves.

Considérase infracción *grave* o incumprimento das condicións de accesibilidade e supresión de barreiras que obstaculicen, limiten ou dificulten a utilización do espazo, o equipamento, a vivenda, o medio de transporte ou o medio de comunicación por persoas con limitacións, e en especial as seguintes:

- a) As dispostas no artigo 3.3 da Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade
- b) O incumprimento das normas sobre supresión de barreiras arquitectónicas urbanísticas en obras de urbanización e o seu mobiliario de nova construción, ampliación e reforma de espazos destinados ao uso público
- c) O incumprimento das normas sobre supresión de barreiras arquitectónicas na edificación, construción, ampliación ou reforma de edificios de propiedade pública ou privada destinados a servizos públicos ou a un uso que implique a concorrencia de público
- d) O incumprimento das normas de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras en edificios de nova construción ou rehabilitados totalmente, que deben ser destinados ao uso de vivenda, ou en edificios de titularidade privada e uso non residencial



- e) O incumprimento das normas de accesibilidade establecidas para o transporte público e os medios de comunicación
- f) A reincidencia por comisión de máis dunha falta leve

#### Artigo 42. Infraccións moi graves.

Considérase infracción *moi grave* o incumprimento das normas de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras que impidan o libre acceso e uso de calquera espazo ou medio, infrinxindo a normativa contida nesta lei, e en especial as seguintes:

- a) As dispostas no artigo 3.4 da Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade
- b) O incumprimento das normas sobre supresión de barreiras arquitectónicas urbanísticas en obras de urbanización e o seu mobiliario de nova construción, ampliación e reforma de espazos destinados ao uso público, e que impidan o libre acceso e uso de calquera medio ou espazo
- c) O incumprimento das normas sobre supresión de barreiras arquitectónicas na edificación, construción, ampliación ou reforma de edificios de propiedade pública ou privada, destinados a servizos públicos ou a un uso que implique a concorrencia de público, e que impidan o libre acceso e uso de calquera medio ou espazo
- d) O incumprimento da obriga que se establece nesta lei sobre reserva de vivendas para a súa utilización por persoas con mobilidade reducida
- e) O incumprimento das normas de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras que supoñan grave perigo ou afecten gravemente á seguridade das persoas
- f) A reincidencia por comisión de máis dunha falta grave

24

#### Artigo 43. Circunstancias atenuantes.

Son circunstancias atenuantes as seguintes:

- a) A reparación dos prexuízos causados ao denunciante e que orixinaron a incoación do procedemento sancionador
- b) O acordo de reparación co denunciante
- c) A simple inobservancia das normas por erro ou ignorancia

#### Artigo 44. Reincidencia e reiteración.

1. A reincidencia aplicarase na clasificación das infraccións, entendendo que existe reincidencia cando se cometa unha infracción da mesma natureza á que motivou a sanción anterior, no prazo do ano seguinte á notificación desta. En todo caso requirirase que a primeira resolución adquirise firmeza na vía administrativa.

2. A reiteración aplicarase na gradación das sancións, entendendo que dentro dun procedemento existe reiteración cando, téndose iniciado con anterioridade outro procedemento pola comisión dunha infracción, o responsable desta persista na comisión da mesma infracción.
3. Non se poderá apreciar a circunstancia de reiteración cando para determinar a clasificación da infracción se considere que existe reincidencia.

#### Artigo 45. Sancións.

A comisión de infraccións da normativa de accesibilidade dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) Para infraccións leves: multa de 600 a 6.000 euros
- b) Para infraccións graves: multa de 6.001 a 60.000 euros
- c) Para infraccións moi graves: multa de 60.001 a 600.000 euros

#### Artigo 46. Sancións accesorias.

Poderán impoñerse como accesorias ás pecuniarias as seguintes sancións:

- a) A suspensión da actividade de que se trate que será para o caso de infraccións moi graves, de ata 3 anos; de ata 2 anos para as infraccións graves; e de ata 1 ano para as leves
- b) A perda da posibilidade de obter subvencións e outras axudas da administración que será para o caso de infraccións moi graves de ata 3 anos, de ata 2 anos para as infraccións graves e de ata 1 ano para as infraccións leves

#### Artigo 47. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións prescribirán:
  - As infraccións moi graves prescribirán aos catro anos.
  - As infraccións graves prescribirán aos tres anos.
  - As infraccións leves prescribirán ao ano.

O prazo de prescrición comenza a computarse dende o día no que a infracción se cometeu.

No caso de infracción continuada, o prazo de prescrición empezará a computarse dende o día en que se realizou a última das accións típicas incluídas naquela.

O cómputo do prazo de prescrición das infraccións interrompírase na data da notificación do inicio do procedemento contra o presunto infractor, reanudándose o cómputo do prazo se o expediente sancionador permanece paralizado durante seis meses por causa non imputable a aqueles contra os que se dirixe.

2. As sancións prescribirán:
  - As sancións moi graves prescribirán aos tres anos
  - As sancións graves prescribirán aos dous anos.

- As sancións leves prescribirán aos seis meses.

O prazo de prescrición das sancións comenará a computarse dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción.

O cómputo do prazo de prescrición das sancións interrumpirase polo inicio, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcurrir o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable o infractor.

#### Artigo 48. Actualización da cuantía das sancións.

As cuantías das sancións poderán ser actualizadas periodicamente polo Consello da Xunta, pero en ningún caso a elevación porcentual que se fixe na devandita actualización poderá superar a experimentada polo índice xeral de prezos ao consumo na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 49. Graduación das sancións.

Para graduar o importe das multas terase en conta a gravidade do feito constitutivo da infracción, o custo económico derivado das obras de accesibilidade necesarias, o prexuízo directa ou indirectamente causado, a reiteración dos infractores e a transcendencia social da infracción.

#### Artigo 50. Multas coercitivas.

Independentemente da sanción que corresponda polas infraccións establecidas na presente lei, poderán impoñerse multas coercitivas segundo o disposto no artigo 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento adiministrativo común.

O importe das mesmas será dun dez por cento sobre a cuantía da sanción imposta por cada día que pase dende a notificación da resolución sen cumprirse o requirimento correspondente relativo á adecuación do establecemento, elemento, actividade ou actuación ao disposto nas normas.

A multa coercitiva é independente da sanción que corresponda impoñer e compatible con ela.

### CAPÍTULO III

#### RESPONSABLES DAS SANCIÓNS

#### Artigo 51. Responsabilidades.

1. Son suxeitos responsables as persoas físicas e xurídicas que incorran nas accións e omisións tipificadas nesta lei como infraccións, e en particular as seguintes:

- a) Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións, serán sancionadas as persoas físicas o xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras
  - b) Nas obras amparadas nunha licenza pero constitutivas dunha infracción grave ou moi grave, serán igualmente sancionados o técnico que informase favorablemente o proxecto e as autoridades ou membros da corporación que resolvesen ou votasen a favor do outorgamento da licenza sen os informes previos esixibles ou cando éstos foran desfavorables en razón daquela infracción
2. Se unha infracción é imputada a unha persoa xurídica, poden ser consideradas tamén responsables as persoas que integran os seus organismos reitores ou de dirección ou administración. Para os efectos desta lei, integran os órganos reitores ou de dirección ou administración as persoas que consten nos rexistros públicos como tales, as que fixesen ostentación pública desta condición ou as que actuasen coma se a tiveran.
  3. Para os efectos desta lei, a actuación dunha empresa ou entidade élle tamén imputable ás empresas ou entidades, ou ás persoas que a controlen.
  4. No caso de infraccións cometidas por persoas xurídicas que se extingan ou se encontren en situación concursal antes de seren sancionadas, a responsabilidade administrativa deberáselles esixir tamén ás persoas físicas que compoñan os órganos de dirección ou administración no momento da comisión da infracción.
  5. As sancións impostas antes da extinción da personalidade xurídica, de non seren satisfeitas na liquidación, transmítense aos socios, ás socias ou aos partícipes no capital, os cales deben responder mancomunadamente, e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase, do pago da sanción ou, no seu caso, do coste de reposición da realidade física alterada.
  6. A responsabilidade será solidaria cando sexan varios os responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción.
  7. Serán responsables subsidiarios ou solidarios as persoas físicas e xurídicas polo incumprimento das obrigas que supoñan o deber de previr a infracción administrativa cometida por outros.

As multas que se impoñan aos diferentes suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

## CAPÍTULO IV

### PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 52. Iniciación do prodemento sancionador.

1. Os procedementos sancionadores iniciaranse sempre de oficio, ben por iniciativa ou consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia. Enténdese por:
  - a) Propia iniciativa: A actuación derivada do coñecemento directo ou indirecto das condutas ou dos feitos susceptibles de constituíren infracción polo órgano que ten atribuída a competencia de inicio, ben ocasionalmente ou ben por ter a condición de autoridade pública ou atribuídas as funcións de inspección, indagación ou investigación.
  - b) Orde superior: A orde emitida por un órgano adiministrativo superior xerárquico da unidade administrativa que constitúe o órgano competente para a iniciación, e que deberá expresar, na medida do posible, a persoa ou as persoas presuntamente responsables, as condutas ou os feitos que poidan constituír infracción administrativa e a súa tipificación, así como o lugar, e mais a data ou o período de tempo continuado no que os feitos se produciron.
  - c) Petición razoada: A proposta de inicio do procedemento formulada por calquera órgano administrativo que non ten competencia para inicialo e que tivo coñecemento das condutas ou dos feitos que poidan constituír infracción, ben ocasionalmente ou ben por ter atribuídas as funcións de inspección, indagación ou investigación.  
As peticións deberán especificar, na medida do posible, a persoa ou as persoas presuntamente responsables, as condutas ou os feitos que poidan constituír infracción administrativa e a súa tipificación, así como o lugar, e mais a data, as datas ou o período de tempo continuado no que os feitos se produciron.
  - d) Denuncia: O acto polo que calquera persoa, en cumprimento ou non dunha obriga legal, pon en coñecemento dun órgano administrativo a existencia dun determinado feito que poida constituír unha infracción administrativa.  
As denuncias deberán expresar a identidade da persoa ou das persoas que as presentan, o relato dos feitos que poidan constituír unha infracción administrativa e a data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación dos presuntos responsables.
2. A formulación dunha petición non vincula o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador.
3. Cando se presente unha denuncia deberáselle comunicar ao denunciante a iniciación ou non do procedemento e a súa resolución cando a denuncia vaia acompañada dunha solicitude de iniciación.
4. Poderanse iniciar sucesivos expedientes sancionadores mentres o suxeito responsable persista na realización dunha actuación ou omisión infractora, e aplicarase a reincidencia ou reiteración segundo proceda.

Artigo 53. Procedemento sancionador.

1. As infraccións das normas contidas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento serán sancionadas de acordo coa normativa vixente sobre o procedemento sancionador prevista nos artigos 134 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na súa normativa de desenvolvemento.
2. As persoas protexidas por esta lei, ou as asociacións, federacións e fundacións nas que se integran, terán sempre a consideración de interesadas nestes procedementos nos termos previstos na lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Contra o acordo de arquivo das actuacións ou resolución desestimatoria expresa ou tácita da denuncia de posibles infraccións, poderanse interpoñer os recursos establecidos pola lei ou, se é o caso, iniciar as actuacións xudiciais que se consideren procedentes.

#### Artigo 54. Actuacións previas.

1. Con anterioridade á iniciación do procedemento poderanse realizar actuacións previas, co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou das persoas que poidan resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.
2. As actuacións previas serán realizadas polos órganos que teñan atribuídas funcións de investigación, indagación e inspección na materia ou pola persoa ou o órgano administrativo que determine o órgano competente para a iniciación ou a resolución do procedemento.

#### Artigo 55. Arquivo de actuacións.

1. Procederá o arquivo definitivo das actuacións cando non existan indicios de terse realizado o feito denunciado ou este non suporía a comisión dunha infracción en materia de accesibilidade.
2. Procederá o arquivo provisional das actuacións cando non existan indicios de proba dun feito denunciado necesarios para a iniciación dun expediente sancionador ou se descoñezan os seus presuntos responsables.
3. Nos supostos de arquivo provisional, se con posterioridade a este aparecen indicios de proba do feito denunciado necesarios para a iniciación dun expediente sancionador ou se identifican os seus presuntos responsables, poderase iniciar o expediente sancionador correspondente.

#### Artigo 56. Colaboración na tramitación dos procedementos.

Nos termos previstos polo artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os órganos pertencentes a calquera das administracións públicas facilitaranlle ao órgano

instrutor os antecedentes e os informes necesarios, así como os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas actuacións.

Artigo 57. Medidas de carácter provisional.

No suposto de infraccións moi graves que supoñan un grave risco para a saúde física e psíquica ou para a liberdade das persoas con discapacidade, o órgano competente poderá acordar como medida cautelar, e por razóns de urxencia inaprazables, o peche temporal do centro ou establecemento ou a suspensión do servizo, mentres non se emenden polo seu titular as deficiencias detectadas no mesmo.

Artigo 58. Caducidade.

Se non recaese resolución transcurrido un ano dende a iniciación do procedemento sancionador, iniciarase o cómputo do prazo de caducidade, establecido no artigo 43.4 da Ley 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 59. Órganos competentes para a imposición das sancións.

1. A Comisión Técnica de Accesibilidade é o órgano administrativo competente para a tramitación dos expedientes sancionadores derivados desta lei.

Son funcións da Comisión Técnica de Accesibilidade a incoación, instrución e proposta de resolución dos expedientes sancionadores na materia, a resolución de calquera cuestión interpretativa sobre o contido das normas autonómicas en materia de accesibilidade, así como aquelas outras que regulamentariamente se lle atribúan.

A devandita Comisión está adscrita á Consellería competente en materia de servizos sociais e a súa composición determinarase regulamentariamente.

2. As autoridades competentes para impoñer sancións son as seguintes:

- a) Para as infraccións leves, o/a Secretario/a ou Director/a Xeral da Consellería competente en materia de servizos sociais.
- b) Para as infraccións graves, o/a titular da Consellería competente en materia de servizos sociais.
- c) Para as infraccións moi graves, o Consello da Xunta.

## TÍTULO IV

### CONSELLO GALEGO DE BENESTAR SOCIAL

Artigo 60. Consello Galego de Benestar Social.

O Consello Galego de Benestar Social, creado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, é o órgano superior consultivo e de participación do sistema galego de servizos sociais e está adscrito á Consellería competente na materia de servizos sociais. Exercerá as funcións consultivas e de informe en

materia de accesibilidade e supresión de barreiras, conforme ao disposto no artigo 40 da devandita lei.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **PRIMEIRA**

As correspondentes administracións públicas galegas elaborarán os plans de adaptación e supresión de barreiras previstas nesta lei nun prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor. Estes plans serán revisados cada cinco anos e o prazo para a súa realización non superará os dez anos.

As administracións públicas galegas establecerán anualmente, segundo as súas dipoñibilidades orzamentarias, fondos para investimentos destinados á supresión das barreiras existentes nos edificios de uso público da súa titularidade ou sobre os que dispoñan, por calquera título, do dereito de uso.

### **SEGUNDA**

Determinaranse regulamentariamente os plans de evacuación e seguridade dos espazos, das edificacións e dos servizos de concorrencia ou uso público, co fin de garantir a súa adecuación ás necesidades das persoas con limitacións, mobilidade ou comunicación reducidas.

### **TERCEIRA**

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá campañas informativas e educativas dirixidas á poboación en xeral, co fin de sensibilizala no problema da accesibilidade e da integración das persoas con limitacións.

Así mesmo, fomentará a realización de xornadas, cursos e publicacións dirixidos a responsables políticos, funcionarios, técnicos e colectivos de persoas con limitacións, co obxecto de divulgar o contido desta lei e da demais normativa aplicable en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.

### **CUARTA**

O disposto nesta lei non será aplicable:

- a) Aos inmobles e espazos de uso público declarados bens de interese cultural ou que estean incluídos en catálogos municipais de edificios protexidos, sempre que as modificacións necesarias afecten a elementos obxecto de protección.  
Neste suposto, procederase á realización dun programa de accesibilidade que terá por obxecto mellorar a accesibilidade e a eliminación daquelas barreiras que non precisen a realización de obras que afecten a elementos protexidos. Nos casos no que isto non sexa posible, habilitaranse as axudas técnicas necesarias para que



estes edificios se adecúen, na medida do posible, para a súa visita por persoas con limitacións ou mobilidade reducida.

- b) Nos casos nos que excepcionalmente o órgano de dirección da consellería competente en materia de servizos sociais, logo da solicitude da persoa interesada e en atención á superficie construída, ás especiais circunstancias topográficas e urbanas, ás propias particularidades do proxecto, ás características do establecemento, nos casos de edificios tradicionais ou establecementos adicados a actividades cun volume económico reducido ponderando en conxunto a concorrencia das condicións esixidas, dispensarase do cumprimento da mesma previo informe técnico.

#### QUINTA

No prazo de seis meses dende a entrada en vigor da lei, a Xunta de Galicia aprobará o regulamento de desenvolvemento e o código de accesibilidade que conteña todas as normas técnicas aplicables na materia.

#### SEXTA

No regulamento e no código de accesibilidade que se aproben en desenvolvemento desta lei deberán adoptarse, como mínimo, para definir a condición de adaptado dun espazo, servizo ou instalación, os parámetros de accesibilidade que se definen no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### SÉTIMA

A instalación dun ascensor será obrigatorio nos edificios de obra nova de planta baixa e tres ou máis plantas elevadas cando a entrada a unha vivenda se sitúe na terceira planta elevada ou por enriba da dita planta.

Será obrigatorio reservar un espazo que permita a instalación dun ascensor nos edificios de obra nova de planta baixa e unha ou dúas plantas elevadas nos que existan escaleiras que dean acceso a dúas ou máis vivendas.

Nas vivendas de obra consolidada estarase ao disposto na lei de propiedade horizontal, así coma nas actualizacións da regulación autonómica correspondente que lle resulten de aplicación.

En calquera caso, e con independencia do cumprimento das determinacións desta lei que resulten de aplicación, nos edificios nos que se proxecten vivendas con destino exclusivo a persoas con discapacidade, observaranse os seguintes requisitos:

- a) Deberá garantirse que as vivendas destinadas a persoas con discapacidade, así como as dependencias de uso común, sexan accesibles, de acordo coas disposicións e normas establecidas por esta lei e o seu regulamento

- b) O deseño e execución do interior das ditas vivendas e das dependencias de uso comunitario responderán ás determinacións desta lei e do seu regulamento, e deberán facer posible a súa adecuada utilización polas persoas con discapacidade

#### OITAVA

Os aspectos de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas axustaranse ao establecido na Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### NOVENA

As vivendas de promoción pública reservadas a persoas con discapacidade deberán manter polo menos durante seis meses dende a súa oferta pública, o seu interior sen distribución definitiva para adaptalas ás necesidades derivadas da discapacidade do adxudicatario. No seu caso o promotor estará obrigado a realizar as mencionadas adaptacións.

#### DÉCIMA

Suprímese o Consello Galego para a promoción da Accesibilidade e a supresión de barreiras, pasando a exercer as súas funcións o Consello Galego de Benestar Social, consonte ao establecido no artigo 60 desta lei.

33

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

#### PRIMEIRA

Os plans xerais de ordenación urbana, as normas subsidiarias de planeamento e os demais instrumentos de planeamento que os desenvolven aprobados definitivamente á entrada en vigor desta lei, adaptaranse ás determinacións e aos criterios técnicos contidos nela e no regulamento de desenvolvemento na súa primeira revisión, non superando, en todo caso, o prazo de cinco anos dende a entrada en vigor desta lei.

Malia o anterior, as prescricións contidas nesta lei prevalecerán sobre as eventuais determinacións que se opuxesen a ela contidas nos plans urbanísticos e demais instrumentos de planeamento, así como nas ordenanzas municipais vixentes, á data da súa entrada en vigor.

#### SEGUNDA

Non lles será de aplicación o disposto nesta lei aos proxectos de edificación e urbanización que fosen visados polos colexios profesionais competentes na materia respectiva antes da entrada en vigor da mesma.

#### TERCEIRA

As normas sobre accesibilidade vixentes á entrada en vigor desta lei manterán a súa vixencia ata a entrada en vigor do desenvolvemento normativo contemplado nesta lei, sempre que non se opoñan ao establecido na mesma.

#### CUARTA

Esta lei non lle será aplicable aos proxectos de edificación e urbanización que teñan concedida licenza de obra na data da súa entrada en vigor.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei, e en concreto a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

#### PRIMEIRA

Un. Modifícase a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, engadéndose un apartado j) no artigo 40.2 da mesma nos seguintes termos:

“j) Exercer funcións consultivas e de informe en materia de accesibilidade e supresión de barreiras”

#### SEGUNDA

Autorízase ao Consello da Xunta para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento e a execución do previsto nesta lei.

#### TERCEIRA

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.